

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALVATERRA DE MIÑO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ATRIBUCIÓN DA ALCALDÍA DELEGADAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D^a Paula Riádigos Iglesias, secretaria do concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra).

Certifico: Que a Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Concello, o día 25 de xuño de 2019, ditou un Decreto que copiado literalmente di:

DECRETO

De conformidade co disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e 43.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF)

RESOLVO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno local as seguintes atribucións:

1.- Xestión económica

O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer dos gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar pagos e render contas, todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

A concesión de subvencións ou distribución de cantidades de conformidade coas partidas que figuren consignadas no orzamento, nos termos das bases anuais de execución do orzamento, excepto aquelas que pola súa urxencia requiran o pago inmediato.

2.- Persoal

Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

Aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

3.- Planeamento

As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e de proxectos de urbanización.



4.- Réxime sancionador

Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das Ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

5.- Contratación

As contratacións e concesións de toda clase cando o seu valor estimado non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.

6.- Bens

A adxudicación de concesións sobre os bens do Concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

7.- Licencias

O outorgamento das licencias, salvo que as Leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno local.

A delegación das competencias que anteriormente se expresan, comportan o exercicio íntegro das mesmas no ámbito que lle é propio.

Delégase, así mesmo, a resolución dos recursos de reposición, extraordinarios de revisión e aqueles que a lexislación atribúa ó mesmo órgano que ditou o acto recorrido, contra os actos ditados polo órgano delegado.

Segundo.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da súa data.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.”

E para que así conste, aos efectos que conveñan, estendo a presente co visto e praxe da Sra Alcaldesa.

Documento asinado electronicamente na marxe.

